



CONCELLOS

BALEIRA

Anuncio

O Sr. Alcalde do Concello de Baleira en data 10/06/2020 aprobou os padróns das taxas pola prestación do servizo de abastecemento de auga, recollida de lixo, taxa de alcantarillado e canon da auga correspondentes ó **2º bimestre do 2020**. Durante o prazo de 15 días os padróns estarán expostos ao público nestas oficinas municipais para o seu exame e posibles reclamacións.

Contra o acordo de aprobación do referido padrón e as liquidacións incorporadas a el poderase interpor recurso de reposición ante O Sr. Alcalde, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interporse recurso contencioso administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo de un mes dende a presente publicación.

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o no artigo 68.1 b) do Regulamento xeral de recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre o 08/06/2020 e 07/08/2020 ámbolos dous inclusive. Aos contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas súas respectivas contas bancarias a partir do día 12/06/2020. Ao resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas municipais onde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar o pago.

Transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario as débedas serán esixidas por vía de constrinximento (**no caso do canon da auga pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia**) e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, xuros de demora e, no seu caso, costas que se produzan.

Publica-la aprobación do padrón e o anuncio de cobranza no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e Taboleiro de Edictos do Concello. Ao amparo do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, a publicación terá os efectos de notificación colectiva das respectivas liquidacións tributarias de cada un dos suxeitos pasivos.

Baleira, 10 de Xuño de 2020.- O Alcalde. Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 1152

BEGONTE

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL.

Por Resolución desta Alcaldía de data 11 de xuño de 2020, aprobáronse as bases que rexerán a selección - en réxime laboral temporal e mediante concurso - oposición - de 1 Xefe de Brigada, 3 Peóns de Brigada e 1 Peón-Conductor para a constitución no municipio dunha Brigada de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais para este ano.

As devanditas bases están a disposición dos interesados na páxina web do Concello (www.concellodebegonte.es) e no Taboleiro municipal de anuncios, sendo o prazo de presentación de solicitudes de **cinco (5) días hábiles** a contar desde a publicación deste anuncio no "Boletín Oficial da Provincia".

Begonte, 11 de Xuño de 2.020.- O Alcalde, José Ulloa Rocha.

R. 1153

BURELA*Anuncio***MODIFICACIÓN DAS BASES DE SELECCIÓN DO PROCESO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DUN/DUNHA TÉCNICO/A DE TURISMO AO ABEIRO DO PROGRAMA "FOMENTO DO EMPREGO 2019", INTEGRADO NO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019.-**

Por Decreto da Alcaldía nº 2020-0101 de data 26/02/2020 resolveuse aprobar a convocatoria e as bases reguladoras do proceso selectivo para a contratación con carácter temporal dun/dunha Técnico/a de Turismo ao abeiro do Programa "Fomento do Emprego 2019" integrado no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2019, publicándose integramente na sede electrónica da Deputación Provincial, na sede electrónica e no Taboleiro de edictos deste Concello e no BOP de Lugo nº 059 de 12/03/2020.

Resultando necesario modificar as bases de selección do proceso no relativo ao prazo de duración do contrato ante a imposibilidade de dar cumprimento as obrigas derivadas do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2019 por mor da suspensión dos procesos selectivos en curso durante a vixencia do estado de alarma e considerando que o Real Decreto 537/2020, de 22 de maio, contempla no seu artigo 9 a reanudación/reinicio dos prazos administrativos suspendidos con efectos dende o 01/06/2020, por Decreto desta Alcaldía nº 2020-0259 de data 28/05/2020 resolveuse:

"PRIMEIRO.- Modificar as bases da convocatoria aprobadas por Decreto da Alcaldía nº 2020-0101 de data 26/02/2020 e, en concreto, a base 2ª relativa á duración e tipo de contrato, que quedará redactada como segue:

"2.- DURACIÓN E TIPO DE CONTRATO

A natureza do contrato será laboral temporal na modalidade de contrato de duración determinada por obra ou servizo a tempo completo e a súa duración estenderase dende a súa sinatura ata o 30 de setembro de 2020.

Os/as aspirantes seleccionados/as e contratados/as percibirán as retribucións establecidas no Convenio colectivo aplicable ao persoal laboral do Concello de Burela co seguinte desglose bruto mensual: salario grupo C1 781,39 €; complemento de destino(nivel 18)428,46 €; complemento específico:68,71€; prorrata de paga extra:186,90 €."

SEGUNDO.- Admitir aquelas solicitudes presentadas en prazo conforme ao sinalado nas bases aprobadas por Decreto da Alcaldía nº 2020-0101 de data 26/02/2020, quedando incorporadas ao proceso.

TERCEIRO.- Abrir un novo prazo de presentación de instancias de sete días naturais contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio de modificación da convocatoria no BOP de Lugo. Si o último día do prazo é inhábil, trasladarase ó primeiro día hábil seguinte.

CUARTO.- Que se de publicidade á modificación das bases de selección acordada a través de anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP), no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello (<http://burela.sedelectronica.es>). Igualmente remitirase á Deputación Provincial para a súa publicación na páxina web institucional."

Burela, 28 de maio de 2020.- O Alcalde, Alfredo Llano García.

R. 1103

*Anuncio***APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO 2020**

Aprobado inicialmente na sesión ordinaria do Pleno deste concello, celebrada en data 4 de xuño de 2020, o Orzamento xeral, Bases de Execución, e o cadro de persoal funcionario e laboral para o exercicio económico 2020, de conformidade co previsto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 20 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, exponse ao público o expediente e a documentación preceptiva polo prazo de quince días dende a publicación deste anuncio no B.O.P. de Lugo para os efectos de reclamacións e alegacións dos interesados lexítimos.

De conformidade co acordo acadado, o Orzamento para o exercicio 2020 considerarase definitivamente aprobado, se durante o devandito prazo non se presentaren reclamacións.

Burela, 9 de xuño de 2020.- O Alcalde, Alfredo Llano García.

R. 1154

CASTROVERDE*Anuncio*

Aprobación inicial do expediente de modificación de crédito num. 4/2020.

O Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria celebrada o día 10 de xuño de 2020, aprobou inicialmente o expediente de modificación de crédito num. 4/2020, na modalidade de suplemento de crédito con cargo ao remanente líquido de tesourería.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do artigo 177.2., do Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as alegacións que consideren oportunas.

De conformidade co acordo adoptado, o expediente considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentan alegacións.

Castroverde, 11 de xuño de 2020.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 1155

CERVO

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A ELECCIÓN DE XUÍZ DE PAZ SUBSTITUTO DO CONCELLO DE CERVO

A presente convocatoria ten por finalidade a elección de Xuíz de Paz substituto do Concello de Cervo polo Pleno do Concello entre as persoas que reunindo os requisitos legais o soliciten.

Prazo: Se fixa un prazo de presentación de solicitudes de 15 días hábiles a contar dende o seguinte da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Condicións legais: Poderá ser nomeado Xuíz de Paz substituto quen aínda non sendo licenciado en dereito, reúna os requisitos establecidos na Lei Orgánica do Poder Xudicial para o ingreso na carreira xudicial, e non se atopen incursos en ningunha das causas de incapacidade ou de incompatibilidades previstas para o desempeño das funcións xudiciais, a excepción do exercicio de actividades profesionais ou mercantís.

Os candidatos deberán reunir os seguintes requisitos:

Ser español

Ser maior de idade

Non estar incapacitado, segundo o establecido no artigo 33 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Non incorrer nas incompatibilidades e prohibicións establecidas nos artigos 389 e seguintes da dita LOPX, no que sexa de aplicación aso Xuíces de Paz.

Duración: O Xuíz de Paz substituto será nomeado por un período de catro anos.

Documentación: Os candidatos que desexen participar deberán presentar unha solicitude no rexistro municipal, subscrita polo interesado, no que se axuntará os documentos seguintes:

Certificado de nacemento ou fotocopia cotexada do DNI.

Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes, e declaración complementaria á que fai referencia o artigo 2 da Lei 68/1980, sobre expedición de certificacións e informes sobre conduta cidadá.

Xustificación dos méritos que alegue o solicitante.

Declaración xurada de non incorrer nas incompatibilidades e prohibicións establecidas nos artigos 389 e seguintes da LOPX no que sexa de aplicación aos xuíces de paz.

Cervo, 2 de xuño de 2020.- O Alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 1104

O CORGO

Anuncio

BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL (1 peón) QUE SE CONTRATE NO CONCELLO DO CORGO AO ABEIRO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS, SERVIZOS E CREACIÓN DE EMPREGO “ PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2019”.

PRIMEIRO. NORMATIVA APLICABLE E OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O procedemento selectivo regularase polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, polo establecido nas seguintes disposicións: Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público; Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; (no Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto legislativo 781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposicións básicas); na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia; na Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia; no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; Con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección do persoal da administración da Comunidade Autónoma de Galicia, no que non se opoña o Real decreto legislativo (781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposicións básicas); na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do estado e demais disposicións aplicables.

B. OBXECTO

Contratación laboral temporal a xornada completa de un peón. Tódolos contratos serán por unha duración máxima de 2 meses para o programa temporal “**PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2019**”, para o exercicio 2019 para a execución de obras, servizos e creación de emprego. Unha vez rematado programa rematará o contrato, que en todo caso non excederá do 30 de setembro de 2020.

A presente convocatoria ten por obxecto a selección de:

1 peón

Nesta mesma liña, e co fin de non interromper a prestación deste concreto servizo de duración temporal, aqueles candidatos que superen o proceso selectivo, pero que non acaden a puntuación precisa para ser propostos para a contratación por esta entidade, pasarán a formar parte dunha lista para posibles baixas ou substitucións.

No suposto de que o candidato seleccionado non desexe suscribir o contrato laboral temporal ou unha vez suscrito, dimita ou se extinga a relación laboral de mutuo acordo, o concello notificará ó seguinte candidato seleccionado segundo a orde de puntuación para formalizalo.

SEGUNDO.- FUNCIÓNS DAS PERSOAS A CONTRATAR

2.1.-PEÓN

Este persoal prestará apoio os oficiais 2ª, realizando as obras precisas para acadar o cumprimento de servizos municipais mínimos e a realización de obras esenciais, tales como obras de saneamento, abastecemento, recuperación e mantemento de accesos a mantemento da infraestrutura viaria ou traballos relacionados coa utilidade colectiva.

TERCEIRO.- REQUISITOS:

a) Comúns a todos os aspirantes

Para participar nas probas selectivas, os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican, de conformidade co establecido no artigo 56 do EBEP e no ART.50 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes, e deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do EBEP ser nacionais de Estados membros da Unión Europea ou calquera que sexa a súa nacionalidade aos cónxuxes dos españois ou dos nacionais de estados membros da UE, sempre que non estean separados de dereito nos termos establecidos no artigo 57 de EBEP.
- b) Ter unha idade comprendida entre os 16 e os 65 anos.
- c) Estar en posesión do carnet de conducir tipo B (agás para o posto de auxiliar administrativo).
- d) E estar desempleado ou estar en situación de mellora de emprego para os casos en que a xornada de traballo sexa igual ou inferior o 50% da xornada.
- e) Posuir as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas para a o desempeño dos traballos, acreditándose a mesma mediante certificado médico.
- f) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para o desenvolvemento de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratara de acceder a mesma categoría profesional á que pertencía.

No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

g) Acreditar o coñecemento da lingua galega no nivel de Celga 3 (ou o curso de iniciación, nos termos establecidos na disposición adicional 1ª da Orde de 16 de xullo de 2007).

Se non se pode acreditar este concreto requisito, poderase acceder ó proceso selectivo, pero será necesaria superar a realización dunha proba do lingua galega, nos termos establecidos na cláusula cuarta.

CUARTA.- PROCEDIMENTO SELECTIVO

1. PROBA PRÁCTICA. (máx 10 puntos):

Consiste na realización dunha proba práctica eliminatória relacionada co posto de traballo (albanalería) consistente en facer unha masa con cemento e area. O tribunal podrá decidir poñer unha proba de pequenas obras de albanalería.

Para superar este exercicio será necesario acadar un mínimo de 5 puntos e puntuará ata un **máximo de 10 puntos. Este exercicio terá carácter eliminatorio.**

A cualificación será a media aritmética da puntuación outorgada por cada membro do Tribunal.

2. EXERCICIO COMÚN E OBRIGATORIO PARA TÓDOLOS CANDIDATOS QUE NON ACREDITEN O COÑECEMENTO DO GALEGO NO NIVEL CELGA 3 OU EQUIVALENTE:

A. 2º EXERCICIO: GALEGO:

Común e obrigatorio para aquelas candidatas a calquera posto dos ofertados que non poidan acreditar o coñecemento de galego no nivel CELGA 3 ou equivalente (curso de iniciación de galego, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega, publicada no DOG nº 146, de 30 de xullo de 2007).

Os candidatas que se atopen na circunstancia anterior deberán realizar un exame consistente en traducir un texto sen dicionario, elixido libremente polo tribunal, do castelán ao galego.

Esta proba terá unha duración de 20 minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto. O tribunal decidirá o nivel preciso para acadar o resultado de apto.

QUINTA.- ANUNCIO DA CONVOCATORIA E SOLICITUDES E ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

5.1 ANUNCIO DA CONVOCATORIA: As presentes bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de edictos do concello e na páxina web www.concellodocorgo.com e na sede electrónica do concello do Corgo, concellodocorgo.sedelectronica.gal.

5.2 SOLICITUDES: As instancias para poder tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante o modelo que figura no anexo I da presente convocatoria, dirixido ao alcalde, presentándose no Rexistro Xeral do Concello, ou na sede electrónica (concellodocorgo.sedelectronica.gal) no prazo de cinco **(5) días hábiles seguintes, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo**. Se o último día de prazo coincide con sábado, domingo ou festivo, entenderase que o prazo remata o primeiro día hábil seguinte, tamén poderase presentar na oficina de correos, na forma que se establece reglamentariamente e nos demais lugares que se indican no art 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común. Se no prazo de 2 días hábiles a contar desde o seguinte á finalización do prazo de presentación non se recibe a solicitude, esta quedará rexeitada, polo que se recomenda a súa presentación no rexistro xeral das oficinas municipais do Concello do Corgo ou a través da sede electrónica concellodocorgo.sedelectronica.gal. No caso de presentar a solicitude noutro lugar ou por outro medio, o interesado deberá acreditar o dito envío, remitindo o mesmo día copia da solicitude ao fax 982302068 ou por mail a concello.ocorgo@eidolocal.es. Sen este requisito a solicitude non será admitida en ningún caso.

As solicitudes poderanse remitir, así mesmo, na forma indicada no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Faise constar que ao día da data a sede electrónica do concello do Corgo non se atopa habilitada.

Na solicitude, os aspirantes manifestarán que reúnen tódolos requisitos da convocatoria **e aportarán, xunto coa instancia**, a documentación seguinte, orixinal ou copia compulsada:

a) DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia. Ás ou aos familiares dos anteriores, visado, e de ser o caso, documentación acreditativa do vínculo de parentesco e unha declaración xurada ou promesa do cónxuxe ou ascendente do que dependa de que non está separado de dereito ou de que a/o aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.

b) Carnet de conducir tipo B. (agás para o posto de auxiliar administrativo)

c) Declaración responsable, asinado polo/a aspirante, de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non ter sido separado/a do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución

xudicial firme nin encontrarse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial ou para exercer funcións similares ás que se desempeñaba no caso de persoal laboral.

No caso de ser nacional doutro estado, declaración responsable, asinada polo/a aspirante, de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidades recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non estar inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

d) Acreditación de posuir as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas para o desempeño dos traballos de que se trate, mediante certificado médico. Se ben esta acreditación poderase efectuar no caso de ser contratado.

5.3 ADMISIÓN DE ASPIRANTES:

Rematado o prazo de presentación de solicitudes e transcorridos os dous días hábiles para recibir a documentación presentada en Correos ou en Rexistros diferentes ao deste concello, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de **DOUS (2) días hábiles**, que se publicará no **taboleiro de anuncios do concello e na páxina Web (www.concellodocorgo.com)**, admitindo ou inadmitindo aos solicitantes, indicando a causa de exclusión neste último caso, e abríndose **un prazo de un (2) días hábil para a subsanación de defectos**, contados a partires do seguinte ao da súa publicación nos referidos medios, para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión. No caso de presentarse noutros rexistros diferentes ao do concello, as emendas deberán recibirse nun prazo máximo de 2 días hábil contado a partir do seguinte ao de finalización do prazo anterior. Se estes prazos finalizaran en sábado entenderase que o prazo remata o primeiro día hábil seguinte.

Na publicación indicárase o nome e apelido, DNI dos aspirantes, con indicación dos que non precisan a realización do exercicio de galego.

Rematado o prazo de subsanación e transcorridos 2 días hábiles referidos anteriormente, ditarase resolución nun prazo máximo de **DOUS (2) días hábiles**, a contar a partir do seguinte á finalización do prazo anterior, elevando a definitiva a lista de admitidos e excluídos, así como os candidatos que teñan que realizar o exercicio de galego, e nela se sinalará a composición do tribunal cualificador. A estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderanse implícitas na resolución pola que se aprobe e ordene a publicación da lista definitiva de admitidos e excluídos.

Non obstante, o feito de figurar na lista definitiva de admitidos non prexulga que se lles recoñezaaos interesados a posesión dos requisitos esixidos na base segunda das presentes bases.

Os datos personais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados unicamente para o fin da presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación.

Contra a resolución do alcalde pola que se declaren definitivamente excluídos do proceso selectivo, o/a interesado/a poderá interpoñer recurso de reposición no prazo de un mes, a contar desde o día seguinte a publicación no taboleiro de anuncios da devandita resolución, ou ben directamente o recurso contencioso administrativo, no de dous meses desde a citada data.

Non se poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición ou se producise a súa desestimación presunta.

SEXTA- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

6.1 Composición:

De conformidade con canto se establece polo artigo 60 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do emprego público, o tribunal terá a seguinte composición:

- Presidente: Un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ó posto convocado.
- Secretario: Un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ó posto convocado.
- Vogais: Tres empregados/as públicos con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ó posto convocado.

O nomeamento dos membros do tribunal e os seus suplentes, realizarase por Decreto do alcalde, e publicarase no taboleiro de anuncios, e na páxina web do concello (www.concellodocorgo.com)

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do presidente e do secretario ou dos que legalmente os substitúan.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal. A colaboración pode consistir na elaboración dos informes

médicos e das probas físicas que sirvan para acreditar a aptitude física para o desenvolvemento do posto de traballo.

Os membros do tribunal, así como os asesores ou colaboradores, que se incorporen a este, terándereito, polasúaconcorrenza ás sesións, ao pagamento de asistencias na contíaestablecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas, agás que estean prestando servizos nesta entidade local.

6.2 Adopción de acordos:

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidansuscitarse durante a valoración dos méritos.

Concluídas as probas, elevarase proposta de candidatos para a formalización do correspondente contrato laboral que en ningún caso poderá exceder do nº de plazas convocadas. Así mesmo, elevarase proposta de bolsa de emprego válida a vixencia do plan único 2019.

O mesmo día de celebración das probas elevarase proposta dos candidatos/as seleccionados/as que vinculará á Administración, sen prexuízo de que esta, no seu caso, poda proceder a súa revisión, consonte ao establecido nos Art. 106 e seguintes da Lei 39/2015, de 15 de outono do procedemento administrativo común e das administracións públicas. Os seus acordos só poderán impugnarse de acordo co establecido na devandita Lei.

6.3 Data e lugar de constitución do Tribunal

O tribunal non poderá constituirse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. Na mesma **resolución na que se aprobe a lista definitiva de admitidos e excluídos se sinalará a composición do tribunal cualificador, a data e hora na que se constituirá para valorar os méritos dos aspirantes admitidos.**

6.4.- Abstención e Recusación.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei de 40/2015, de 1 de outubro de Réximexurídico do sector público.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas na presente base, conforme o artigo 24 da citada lei.

SÉTIMA.- APORTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN DOS CANDIDATOS/AS SELECCIONADOS/AS.

Os candidatos propostos para seren contratados deberán achegar, no prazo de 2 días hábiles, a seguinte documentación, agás que xa a presentaran anteriormente, xunto coa instancia de participación:

- 1) Copia compulsada do DNI ou documento de identificación do extranxeirociudadano dun Estado membro da UE.
- 2) Certificado médico acreditativo de posúir a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- 3) Copia compulsada da tarxeta da Seguridade Social.
- 3) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparseen inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resoluciónxudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado, declaraciónxurada ou promesa de non atoparseen inhabilitado ou ensituación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, o acceso ó emprego público.

- 4) Declaración xurada de non encontrarse incurso enningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislaciónvixente e referido ó momento da súa toma de posesión.
- 5) Título esixido para acceder a estas probas.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentaciónesixida nesta base, e agás nos caso de forza maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carecendalgún dos requisitos sinalados na base 3ª, non poderán ser contratados e quedarán anuladas as actuacións, senprexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na solicitude de participación.

OITAVA. FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS DE TRABALLO

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos interesados, o alcalde resolverá o procesoselectivo e se procederá a formalización do contrato laboral temporal por obra o servizo determinado a tempo completo conforme a lexislaciónvixente.

NOVENA. IMPUGNACIÓN.

Contra as presentes bases, sendo que o seu acordo aprobatorio é definitivo en via administrativa, poderase interpor polos interesados lexítimados os seguintes recursos:

Con carácter potestativo recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o actorecurrido en prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP. Se transcurriro un mes dende o día seguinte ó da interposición do recurso de reposición, sen que este fora resolto, poderá entenderse que foi desestimado para interpor o recurso contencioso-administrativo, á súa elección, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de seis meses.

Recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso administrativo de Lugo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP.

Contra cantos actos administrativos se deriven das bases e da actuación do tribunal, poderán ser interpostos polos interesados os oportunos recursos nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015 de 1 de outubro e na Lei 29/98 de 13 de xullo reguladora da xurisdición contencioso- administrativa.

DÉCIMA.- Os candidatos que superen as probas selectivas pero non acaden a puntuación para seren contratados integrarán unha lista ou bolsa de emprego, para futuras contratacións que se poidan realizar a consecuencia de baixas por incapacidade laboral ou outras circunstancias.

Esta lista estará vixente mentres dura este programa de emprego. **PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2019**".

DÉCIMA:

Este programa está financiado a través do plan provincial único de cooperación cos concellos 2019 da Deputación Provincial de Lugo para a execución de obras, servizos e creación de emprego "Programa Fomento do Emprego 2019".

ANEXO I.- Modelo de instancia:

Dna./D....., con DNI ou documento de estranxeiro nº....., con domicilio aos efectos de notificación en....., nº de teléfono.....,

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo concello do Corgo para a contratación laboral de _____ (indicar o posto ao que se opta),

DECLARO:

1. Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reúno tódalas condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.
2. Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que opto e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás CC AA ou ás Entidades Locais, nin estou inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas.
3. Que autorizo ao Concello do Corgo á publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e DNI) e das posibles causas de exclusión no taboleiro de anuncios do concello e calquera outro medio que se estime, ao se a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

SOLICITO ser admitido/a para participar no referido procedemento selectivo comprometéndome a someterme ás bases que o regulan, presentando a documentación seguinte (riscar o que proceda):

- Fotocopia compulsada do DNI, pasaporte ou tarxeta de extranxeiro
- Permiso de conducir en vigor tipo B.
- Outra documentación: fotocopia do título CELGA 3 ou curso de iniciación.
- Acreditación de estar desempleado ou de mellora de emprego para os casos en que a xornada sexa igual ou inferior o 50% da xornada.
- Informe de vida laboral

O Corgo, _____ de _____ de 2020.

NOTA: Os datos de carácter persoal poderán ser tratados para futuras contratacións, de conformidade coa Lei 15/99, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

O Corgo, 29 de maio de 2020.- O Alcalde, FELIPE LABRADA REIJA.

R. 1149

FOZ

Anuncio

Concello de Foz. Aprobación inicial Modificación de Créditos 10/2020, Modalidad “Suplemento de crédito 01/2020” para amortización extraordinaria de crédito.

O Concello Pleno, en sesión celebrada o día 04/06/2020, prestoulle aprobación inicial ao suplemento de crédito 01/2020, financiado mediante Superávit.

De acordo co establecido nos artigos 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese a exposición pública polo período de quince días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación deste anuncio, no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinalo na Intervención Xeral do Concello. Así mesmo, estará a disposición dos interesados no Portal de Transparencia do Concello, e presentar as reclamacións que consideren oportunas. Se ao termo do período de exposición ao público non se presentaran reclamacións, considerarase definitivamente aprobada dita modificación orzamentaria.

Foz, 5 de xuño de 2020.- O ALCALDE, FRANCISCO CAJOTO CASERIO.

R. 1107

Anuncio

Concello de Foz. Aprobación inicial Modificación de Créditos 11/2020, Modalidade “Suplemento de crédito 02/2020” para facturas de exercicios pechados.

O Concello Pleno, en sesión celebrada o día 04/06/2020, prestoulle aprobación inicial ao suplemento de crédito 01/2020, financiado mediante Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais.

De acordo co establecido nos artigos 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese a exposición pública polo período de quince días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación deste anuncio, no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinalo na Intervención Xeral do Concello. Así mesmo, estará a disposición dos interesados no Portal de Transparencia do Concello, e presentar as reclamacións que consideren oportunas. Se ao termo do período de exposición ao público non se presentaran reclamacións, considerarase definitivamente aprobada dita modificación orzamentaria.

Foz, 5 de xuño de 2020.- O ALCALDE, FRANCISCO CAJOTO CASERIO.

R. 1108

GUNTÍN

Anuncio

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORA, UN (1) XEFE DE BRIGADA DO CONCELLO DE GUNTÍN, EN CUMPRIMENTO DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O CONCELLO DE GUNTIN, PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DURANTE O ANO 2020, COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014-2020

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA:

E obxecto das presentes bases a contratación de persoal laboral temporal un (1) XEFE de brigada, en cumprimento do Convenio Interadministrativo suscrito coa Consellería do Medio Rural, por un período de tres meses.

As funcións dos/as traballadores/as seleccionados/as serán as establecidas no Convenio Interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Guntín para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2020, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020. Todo isto sen prexuízo das labores que lles poidan encomendar pola Alcaldía, que garden relación co posto a desempeñar, segundo as necesidades dos servizos e na procura dunha boa marcha dos mesmos.

O sistema de selección será o de concurso-oposición.

O anuncio da convocatoria publicarase no boletín oficial da provincia de Lugo. As bases íntegras, así como as sucesivas publicacións, terán lugar unicamente no taboleiro de anuncios do Concello de Guntín e na páxina web do concello: www.guntin.es

2.- MODALIDADE DE CONTRATO.

O contrato de traballo temporal que se formalizará coas persoas seleccionadas, será coas cláusulas específicas de obra ou servizo determinado, a tempo completo, previsto no artigo 15.1.a) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto de Traballadores (TRET) e no artigo 2 do Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro.

O réxime xurídico da relación laboral será de carácter laboral temporal.

Respecto a xornada dos compoñentes, segundo o establecido no mencionado convenio que literalmente di así: "Que os compoñentes da brigada realicen labores de prevención de incendios forestais, sempre que non sexan requiridos para a defensa destes, durante cada un dos 3 meses de operatividade de cada unha delas, con plena dispoñibilidade, incluíndo nela os domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noites necesarias"

Salario: 1.000,00 €/mes

3.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.-

Para ser admitidos/as nas probas selectivas, todos/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos que a continuación se indican segundo o establecido no artigo 56 do EBEP, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes, debendo de continuar en posesión dos mesmo ata o momento da formalización do contrato:

a) Nacionalidade:

-Ser español/a ou nacional dun Estado membro da Unión Europea, ou nacional de calquera dos Estados aos que, en virtude de Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén serán admitidas aquelas persoas ás que fai referencia o artigo 57, relativo ao acceso ao emprego público de nacionais doutros Estados, da Lei 7/2007 de 12 de abril do Estatuto Básico do Emprego Público.

-Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estivesen separados do dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados do dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores da dita idade dependentes.

b) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.

A/os aspirantes con discapacidade, farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas e especificando tales adaptacións.

Segundo o establecido no convenio obxecto deste proceso de selección, o aspirante seleccionado deberá realizar previamente á súa contratación un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar. De non superar o recoñecemento médico e a proba física de esforzo, declararase ao aspirante decaído do seu dereito á contratación.

c) Idade: ter cumpridos 18 anos de idade, e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Habilidade: Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmo termos, o acceso ao emprego

Público

e) Titulación: Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal, Técnico Superior en Xestión e Organización de Recursos Naturais e Paisaxísticos, Técnico en Traballos Forestais e conservación do Medio Natura ou Formación Profesional Equivalente.

f) Estar en posesión do permiso de conducir tipo B

4.- SOLICITUDES E ADMISIÓN DE ASPIRANTES.-

A solicitude para formar parte do proceso de selección axustarase ao modelo que figura como Anexo I ás presentes bases, que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello de Guntín e dirixiranse á Sra. Alcadesa do Concello de Guntín, no prazo de **cinco (5) días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios do Concello de Guntín e na súa páxina web do concello: www.guntin.es

Xunto coas instancias solicitando participar no proceso, deberá presentarse a seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

a) Documento nacional de identidade, pasaporte ou tarxeta de residente. A/os familiares dos anteriores, visado, e de selo caso, documentación acreditativa do vínculo de parentesco e unha declaración xurada ou promesa do cónxuxe ou ascendente do que dependa de que non está separado de dereito ou de que a/o aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo-

b) Permiso de conducir tipo B.

c) Declaración responsable, asinada polo/a aspirante, de non estar afectado/a por ningún motivo de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas de non ter sido separado/a de servizo das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos pro resolución xudicial, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaba no caso de persoal laboral, así como declaración de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións, segundo o modelo que se insire nestas bases como Anexo II.

d) Relación - Anexo III segundo a orde que se establece na base sexta dos méritos que os aspirantes aleguen para a súa valoración no concurso e os documentos xustificativos dos mesmos segundo o establecido na mencionada base.

As solicitudes presentaranse no Rexistro xeral de entrada do Concello de Guntín (Lugo), en horario de 09:00 h. A 15:00 H de luns a venres, poderase así mesmo, remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Os/as aspirantes que non presenten as solicitudes no rexistro do Concello de Guntín, co fin de axilizar os trámites, deberán remitir antes da data de expiración do prazo unha comunicación por fax ao concello de Guntín (982320088) ou correo electrónico concellodeguntin@gmail.com, comunicando a presentación da solicitude co selo de correos ou do rexistro correspondente; sen este requisito a solicitude non será admitida en ningún caso.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución declarando aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as coa especificación do motivo da exclusión. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos da casa do Concello e na páxina web do concello www.guntin.es, sinalándose un prazo de dous (2) días contados a partires do seguinte ao da publicación da resolución para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

No caso de non haber excluídos nin que precisen do trámite de emenda, ditarase unha soa resolución coa lista de aspirantes admitidos, composición do tribunal e data de constitución, lugar e hora de realización das probas.

Unha vez transcorrido o devandito prazo, A Alcadesa ditará resolución definitiva, contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios do concello de Guntín e na páxina web do concello www.guntin.es, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de acordo co disposto nos artigos 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Nesta mesma resolución sinalarase a composición do tribunal cualificador e data de constitución.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lle recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o proceso selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación no procedemento.

Os datos persoais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados unicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación.

5.- ÓRGANO DE SELECCIÓN.

O tribunal estará constituído por un número impar de membros, funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo, non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de suplentes, un dos/as cales actuará coo presidente/a e outro coma secretario/a do tribunal.

A Alcaldesa nomeará por decreto aos membros do tribunal e os seus suplentes e fixará a data da súa constitución, axustándose ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público, que será publicado no taboleiro de anuncios do Concello de Guntín e na páxina web do concello www.guntin.es

Consonte ao establecido no devandito artigo o tribunal terá a seguinte composición:

- Presidente/a: un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral pertencente ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.
- Secretario/a: da Corporación ou persoa que faga as súas veces, ou funcionario de carreira.
- Vogais: Tres funcionarios/as de carreira ou persoal laboral pertencentes ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Na designación dos membros do tribunal tenderase a paridade entre home e muller.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles, circunstancias previstas no artigo 23 de Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal son poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia da/o presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao réxime de funcionamento dos órganos colexiados disposto na Lei 40/2015, de d1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, levantando da cada sesión acta, que se autorizará, coa sinatura do secretario/a e co visto e prace do/a Presidente/a.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou convinte. Os ditos asesores actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

Os membros do tribunal así como os asesores ou colaboradores que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias.

6.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

O sistema de selección dos aspirantes será de concurso oposición.

6.1.- FASE DE OPOSICIÓN:

Realizarase un exercicio que consistirá en contestar, por escrito, a un cuestionario tipo test de 20 preguntas alternativas das que só unha é correcta, baseadas no contido do programa da convocatoria relacionado no ANEXO I, durante un período máximo de 45 minutos. As respostas correctas valoraranse cada unha con 0,5 puntos. As contestadas incorrectamente descontarán 0,25 puntos e as non contestadas non penalizan. Puntuarase ata un máximo de 10 puntos.

6.2.- FASE CONCURSO:

O baremo de méritos fíxase do seguinte xeito: a puntuación máxima total do concurso establécese en 4-puntos e será o resultado de sumar os méritos que se enumeran nos seguintes apartados cos límites que se sinalan para cada un deles:

a) Experiencia profesional. Máximo 3 puntos

- Desempeñar ou ter desempeñado o posto de traballo obxecto deste proceso de selección, en calquera Administración Pública ou organismos autónomos de carácter administrativo dependentes da mesma, con contratos ou nomeamentos feitos pola propia Administración: 0,25 puntos por cada mes completo.

Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar unha certificación da Administración de que se trate _excepto aqueles aspirantes que traballaron no concello de Guntín, os cales unicamente terán que facelo constar e non terán que presentar a certificación a que fai referencia este parágrafo-, onde conste o tempo traballado na categoría a que opta, así como copia compulsada do nomeamento ou contrato de traballo suscrito para o efecto e modelo oficial de vida laboral. De non presentarse a citada documentación, ou si se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.

- Desempeñar ou ter desempeñado o posto de traballo obxecto deste proceso de selección, en entidades privadas: 0,10 puntos por cada mes completo.

Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar modelo oficial de vida laboral, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do contrato de traballo suscrito para o efecto. De non presentarse a citada documentación ou si se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.

No se computan servizos prestados por tempo inferior a un mes, en caso de contratación a tempo parcial valoraranse os servizos prestados de forma proporcional.

b) Coñecemento dá Lingua Galega. Máximo 1 punto

Computarase unicamente o grao superior alegado e concederase validez tan só ao curso ou titulación oficial ou que fora oficialmente obxecto de homologación

- Celga 1: 0,25 puntos
- Celga 2: 0,50 puntos
- Celga 3 ou Grao de iniciación: 0,75 puntos
- Celga 4 ou Grao de perfeccionamento: 1,00 puntos

O Tribunal, en ningún caso, poderá valorar o non achegado e aprobado pola/os aspirantes na documentación aportada coa solicitude, sen que sexa admisible a concesión de prazo ningún para emendas ou subsanacións con posterioridade ao día de remate do prazo de presentación daquela

7.- CUALIFICACIÓN FINAL E PROPOSTA DO ÓRGANO DE SELECCIÓN

A puntuación total do proceso selectivo será a suma das cualificacións da fase de oposición e da fase de concurso. En caso de empate, terán preferencia os participantes que obteñan a maior puntuación na fase oposición; se continúa o empate, os que obtiveran maior puntuación no apartado de experiencia profesional, e así sucesivamente ata que se desempate. Se persiste o empate, resolverase por sorteo.

O Tribunal publicará no taboleiro de anuncios do Concello de Guntín e na súa páxina web a puntuación total do proceso selectivo (puntuación fase oposición, fase concurso e puntuación total), elevarase dita relación á Alcaldesa-Presidenta que aprobará a relación de candidatos pola súa orde de relación aos efectos da provisión do posto de traballo obxecto deste proceso de selección, para a formalización dos correspondentes contratos laborais.

O Tribunal non poderá aprobar ni declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao de postos que se convocan.

O Tribunal establecerá unha lista de reserva entre o resto dos aspirantes por orde de puntuación, para asegurar a cobertura dos postos cando se produzan renuncias dos aspirantes primeiramente seleccionados ou calquera circunstancia antes da formalización do contrato. A devandita lista de reserva servirá tamén para cubrir as baixas que se produzan durante o período de duración dos contratos obxecto do presente proceso de selección.

8. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A/os aspirantes seleccionados/as deberán realizar previamente á súa contratación, un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar. De non superar o recoñecemento médico e a proba física de esforzo, se declarará o/a aspirante decaído do seu dereito á contratación.

Igualmente as/os aspirantes seleccionados/as deberán realizar un curso teórico-práctico de formación sobre prevención e defensa contra incendios forestais de 16 horas. Este curso será obrigatorio, aínda que os compoñentes da brigada xa o recibisen en anos anteriores.

Trala superación do recoñecemento médico e a proba de esforzo, as/os candidatos/as propostos para seren contratado/as deberán achegar no prazo máximo de dous (2) días hábiles, a seguinte documentación, agás que xa a presentaran anteriormente xunto coas instancias de participación:

-Copia compulsada da tarxeta da Seguridade Social.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base e agás nos casos de forza maior ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 4ª, non poderán ser contratados sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude de participación. Neste caso se procederá a notificar ao candidato/a que obtivese a seguinte puntuación para que aporte a referida documentación, procedéndose do mesmo xeito que no suposto anterior.

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos interesados/as, a Sra. Alcaldesa resolverá o proceso e se formalizarán os contratos de traballo temporal, coas cláusulas específicas de obra ou servizo determinado por un período de 3 meses, a xornada completa, vinculados ao convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Guntín para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, actuación dunha brigada de cinco compoñentes.

9. IMPUGNACIÓN.

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos deriven da mesma, así como as actuacións do Tribunal poderán ser impugnadas polos/as interesados/as nos casos e na forma establecida na Lei 39/1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 29/98 de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ANEXO I – TEMARIO**Tema 1**

Concello de Guntín. Termo municipal. Poboación. Datos de interese do municipio.

Distribución xeográfica e parroquial, oreografía, infraestruturas.

Tema 2

Plan de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia (PLADIGA)

Tema 3

Cuestións sobre o traballo a realizar, materiais, ferramentas e maquinaria que se utiliza para a realización de ditos traballos.

ANEXO II. MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DE UN XEFE DE BRIGADA DO CONCELLO DE GUNTIN, EN RÉXIME DE DEREITO LABORAL TEMPORAL MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO OPOSICIÓN

D/aprovisto de D.N.I nº
 con enderezo na R/nº.....
 C. Postal LocalidadeMunicipio
 Provincia Teléfono

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Guntín para a contratación laboral temporal (coas cláusulas específicas de obra ou servizo determinado), a xornada completa, de UN XEFE DE BRIGADA do Concello de Guntín en cumprimento do convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Guntín, para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, mediante a actuación dunha brigada de 5 compoñentes, por período de tres meses no exercicio 2020.

DECLARO:

PRIMERO.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reúno todas as condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

SEGUNDO.- Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes ao posto ao que opta que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; - no caso de ser nacional de outro Estado, de que non estou inhabilitado ou en situación equivalente, nin estou sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

TERCEIRO.- Que autorizo ao Concello de Guntín para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e DNI) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello e na súa páxina web: www.guntin.es e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

CUARTO.- Solicito ser admitido/a para participar no referido procedemento comprometéndome a someterme ás bases que o regulan e presentando a documentación seguinte:

(TACHAR O QUE PROCEDA)

- DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia
- Titulación
- Permiso de condución en vigor tipo B
- Relación dos méritos que alego para a súa valoración - Anexo III, e os documentos xustificativos dos mesmos segundo o establecido na base sexta.

.....,de2020

O/A solicitante

Asdo

SR. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE GUNTIN

ANEXO III- RELACIÓN DETALLADA DOS MÉRITOS APORTADOS E ACREDITADOS

| EXPERIENCIA PROFESIONAL | | | |
|--|-----------|------------------------------------|----------------|
| Servizos prestados como para a prevención e defensa contra incendios forestais | | | |
| Administracións Públicas/ privadas | Entidades | Duración contrato ou nomeamento | Data de inicio |
| | | | Data de remate |
| | | | |
| | | | |
| | | | |

| FORMACIÓN | | |
|------------------|-----------------------|----------|
| Denominación | Centro de impartición | Duración |
| | | |
| | | |
| | | |

| | |
|-------------------------------|--|
| IDIOMA: GALEGO | |
| CURSO/TITULACIÓN/HOMOLOGACIÓN | |

Data:

O/A solicitante

Asdo:

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORA, UN (1) PEÓN CONDUCTOR E TRES (3) PEÓNS DE BRIGADA DO CONCELLO DE GUNTÍN, EN CUMPRIMENTO DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O CONCELLO DE GUNTÍN, PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DURANTE O ANO 2020, COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014-2020

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA:

E obxecto das presentes bases a contratación de persoal laboral temporal un (1) peón condutor e tres (3) peóns de brigada, en cumprimento do Convenio Interadministrativo suscrito coa Consellería do Medio Rural, por un período de tres meses.

As funcións dos/as traballadores/as seleccionados/as serán as establecidas no Convenio Interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Guntín para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2020, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020. Todo isto sen prexuízo das labores que lles poidan encomendar pola Alcaldía, que garden relación co posto a desempeñar, segundo as necesidades dos servizos e na procura dunha boa marcha dos mesmos.

O sistema de selección será o de concurso-oposición.

O anuncio da convocatoria publicarase no boletín oficial da provincia de Lugo. As bases íntegras, así como as sucesivas publicacións, terán lugar unicamente no taboleiro de anuncios do Concello de Guntín e na páxina web do Concello: www.guntin.es

2.- MODALIDADE DE CONTRATO.

O contrato de traballo temporal que se formalizará coas persoas seleccionadas, será coas cláusulas específicas de obra ou servizo determinado, a tempo completo, previsto no artigo 15.1.a) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto de Traballadores (TRET) e no artigo 2 do Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro.

O réxime xurídico da relación laboral será de carácter laboral temporal.

Respecto a xornada dos compoñentes, segundo o establecido no mencionado convenio que literalmente di así: "Que os compoñentes da brigada realicen labores de prevención de incendios forestais, sempre que non sexan requiridos para a defensa destes, durante cada un dos 3 meses de operatividade de cada unha delas, con plena dispoñibilidade, incluíndo nela os domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noites necesarias"

Salario: 950,00 €/mes

3.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.-

Para ser admitidos/as nas probas selectivas, todos/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos que a continuación se indican segundo o establecido no artigo 56 do EBEP, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes, debendo de continuar en posesión dos mesmo ata o momento da formalización do contrato:

a) Nacionalidade:

-Ser español/a ou nacional dun Estado membro da Unión Europea, ou nacional de calquera dos Estados aos que, en virtude de Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén serán admitidas aquelas persoas ás que fai referencia o artigo 57, relativo ao acceso ao emprego público de nacionais doutros Estados, da Lei 7/2007 de 12 de abril do Estatuto Básico do Emprego Público.

-Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estivesen separados do dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados do dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores da dita idade dependentes.

b) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.

A/os aspirantes con discapacidade, farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas e especificando tales adaptacións.

Segundo o establecido no convenio obxecto deste proceso de selección, o aspirante seleccionado deberá realizar previamente á súa contratación un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas

condicións de saúde para o traballo a realizar. De non superar o recoñecemento médico e a proba física de esforzo, declararase ao aspirante decaído do seu dereito á contratación.

c) Idade: ter cumpridos 18 anos de idade, e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Habilitación: Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmo termos, o acceso ao emprego

público

e) Titulación: Estar en posesión do certificado de estudos primarios ou equivalente

f) Estar en posesión do permiso de conducir clase B

4.- SOLICITUDES E ADMISIÓN DE ASPIRANTES.-

A solicitude para formar parte do proceso de selección axustarase ao modelo que figura como Anexo I ás presentes bases, que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello de Guntín e dirixirase á Sra. Alcaldesa do Concello de Guntín, no prazo de **cinco (5) días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios do Concello de Guntín e na súa páxina web www.guntin.es

Xunto coas instancias solicitando participar no proceso, deberá presentarse a seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

a) Documento nacional de identidade, pasaporte ou tarxeta de residente. A/os familiares dos anteriores, visado, e de selo caso, documentación acreditativa do vínculo de parentesco e unha declaración xurada ou promesa do cónxuxe ou ascendente do que dependa de que non está separado de dereito ou de que a/o aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo-

b) Permiso de conducir tipo B.

c) Declaración responsable, asinada polo/a aspirante, de non estar afectado/a por ningún motivo de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas de non ter sido separado/a de servizo das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaba no caso de persoal laboral, así como declaración de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións, segundo o modelo que se insire nestas bases como Anexo II.

d) Relación – Anexo III segundo a orde que se establece na base sexta dos méritos que os aspirantes aleguen para a súa valoración no concurso e os documentos xustificativos dos mesmos segundo o establecido na mencionada base.

As solicitudes presentaranse no Rexistro xeral de entrada do Concello de Guntín (Lugo), en horario de 09:00 h. A 15:00 H de luns a venres, poderase así mesmo, remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Os/as aspirantes que non presenten as solicitudes no rexistro do Concello de Guntín, co fin de axilizar os trámites, deberán remitir antes da data de expiración do prazo unha comunicación por fax ao concello de Guntín (982320088) ou correo electrónico concellodeguntin@gmail.com, comunicando a presentación da solicitude co selo de correos ou do rexistro correspondente; sen este requisito a solicitude non será admitida en ningún caso.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldesa ditará resolución declarando aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as coa especificación do motivo da exclusión. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos da casa do Concello e na páxina web do concello www.guntin.es, sinalándose un prazo de dous (2) días contados a partires do seguinte ao da publicación da resolución para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

No caso de non haber excluídos nin que precisen do trámite de emenda, ditarase unha soa resolución coa lista de aspirantes admitidos, composición do tribunal e data de constitución, lugar e hora de realización das probas.

Unha vez transcorrido o devandito prazo, A Alcaldesa ditará resolución definitiva, contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios do concello de Guntín e na páxina web do concello www.guntin.es, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de

acordo co disposto nos artigos 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Nesta mesma resolución sinalarase a composición do tribunal cualificador e data de constitución.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lle recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o proceso selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación no procedemento.

Os datos persoais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados unicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación.

5.- ÓRGANO DE SELECCIÓN.

O tribunal estará constituído por un número impar de membros, funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo, non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de suplentes, un dos/as cales actuará coo presidente/a e outro coma secretario/a do tribunal.

O Alcalde nomeará por decreto aos membros do tribunal e os seus suplentes e fixará a data da súa constitución, axustándose ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público, que será publicado no taboleiro de anuncios do Concello de Guntín e na páxina web do concello www.guntin.es

Consonte ao establecido no devandito artigo o tribunal terá a seguinte composición:

- Presidente/a: un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral pertencente ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.
- Secretario/a: da Corporación ou persoa que faga as súas veces ou funcionario de carreira.
- Vogais: Tres funcionarios/as de carreira ou persoal laboral pertencentes ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Na designación dos membros do tribunal tenderase a paridade entre home e muller.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles, circunstancias previstas no artigo 23 de Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal son poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia da/o presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao réxime de funcionamento dos órganos colexiados disposto na Lei 40/2015, de d1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, levantando da cada sesión acta, que se autorizará, coa sinatura do secretario/a e co visto e praxe do/a Presidente/a.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou convinte. Os ditos asesores actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

Os membros do tribunal así como os asesores ou colaboradores que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias.

6.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN

O sistema de selección dos aspirantes será de concurso oposición.

6.1.- FASE DE OPOSICIÓN:

Realizarase un exercicio que consistirá en contestar, por escrito, a un cuestionario tipo test de 20 preguntas alternativas das que só unha é correcta, baseadas no contido do programa da convocatoria relacionado no ANEXO I, durante un período máximo de 45 minutos. As respostas correctas valoraranse cada unha con 0,5 puntos. As contestadas incorrectamente descontarán 0,25 puntos e as non contestadas non penalizan. Puntuarase ata un máximo de 10 puntos.

6.2.- FASE CONCURSO:

O baremo de méritos fíxase do seguinte xeito: A puntuación máxima total do concurso establécese en -3 puntos e será o resultado de sumar os méritos que se enumeran nos seguintes apartados cos límites que se sinalan para cada un deles:

a) Experiencia profesional. máximo 1 punto

- Desempeñar ou ter desempeñado o posto de traballo obxecto deste proceso de selección, en calquera Administración Pública ou organismos autónomos de carácter administrativo dependentes da mesma, con contratos ou nomeamentos feitos pola propia Administración: 1 punto.

Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar unha certificación da Administración de que se trate _excepto aqueles aspirantes que traballaron no concello de Guntín, os cales unicamente terán que facelo constar e non terán que presentar a certificación a que fai referencia este parágrafo-, onde conste o tempo traballado na categoría a que opta, así como copia compulsada do nomeamento ou contrato de traballo suscrito para o efecto e modelo oficial de vida laboral. De non presentarse a citada documentación, ou si se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.

- Desempeñar ou ter desempeñado o posto de traballo obxecto deste proceso de selección, en entidades privadas: 0,50 puntos.

Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar modelo oficial de vida laboral, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do contrato de traballo suscrito para o efecto. De non presentarse a citada documentación ou si se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.

No se computan servizos prestados por tempo inferior a un mes, en caso de contratación a tempo parcial valoraranse os servizos prestados de forma proporcional.

b) Formación. Máximo 1 punto

- Por posuír unha titulación académica superior a esixida nestas bases. 1 punto

c) Coñecemento dá Lingua Galega. Máximo punto

Computarase unicamente o grao superior alegado e concederase validez tan só ao curso ou titulación oficial ou que fora oficialmente obxecto de homologación

- Celga 1: 0,50 puntos

- Celga 2: 0,75 puntos

- Celga 3 ou Grao de iniciación: 1 punto

O Tribunal, en ningún caso, poderá valorar o non achegado e aprobado pola/os aspirantes na documentación aportada coa solicitude, sen que sexa admisible a concesión de prazo ningún para emendas ou subsanacións con posterioridade ao día de remate do prazo de presentación daquela

7.- CUALIFICACIÓN FINAL E PROPOSTA DO ÓRGANO DE SELECCIÓN

A puntuación total do proceso selectivo será a suma das cualificacións da fase de oposición e da fase de concurso.

En caso de empate, terán preferencia os participantes que obteñan a maior puntuación na fase oposición; se continúa o empate, os que obtiveran maior puntuación no apartado de experiencia profesional, e así sucesivamente ata que se desempate. Se persiste o empate, resolverase por sorteo.

O Tribunal publicará no taboleiro de anuncios do Concello de Guntín e na súa páxina web a puntuación total do proceso selectivo (puntuación fase oposición, fase concurso e puntuación total), elevarase dita relación á Alcaldesa-Presidenta que aprobará a relación de candidatos pola súa orde de relación aos efectos da provisión do posto de traballo obxecto deste proceso de selección, para a formalización dos correspondentes contratos laborais.

O Tribunal non poderá aprobar ni declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao de postos que se convocan.

Dos catro candidatos propostos para cubrir os postos obxecto desta convocatoria, será o peón condutor aquel/la que teña máis experiencia como peón condutor de brigada, de renunciar será o seguinte que acade máis puntuación na fase de oposición, e así sucesivamente.

O Tribunal establecerá unha lista de reserva entre o resto dos aspirantes por orde de puntuación, para asegurar a cobertura dos postos cando se produzan renuncias dos aspirantes primeiramente seleccionados ou calquera circunstancia antes da formalización do contrato. A devandita lista de reserva servirá tamén para cubrir as baixas que se produzan durante o período de duración dos contratos obxecto do presente proceso de selección.

8. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A/os aspirantes seleccionados/as deberán realizar previamente á súa contratación, un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar. De non superar o recoñecemento médico e a proba física de esforzo, se declarará o/a aspirante decaído do seu dereito á contratación.

Igualmente as/os aspirantes seleccionados/as deberán realizar un curso teórico-práctico de formación sobre prevención e defensa contra incendios forestais de 16 horas. Este curso será obrigatorio, aínda que os compoñentes da brigada xa o recibisen en anos anteriores.

Trala superación do recoñecemento médico e a proba de esforzo, as/os candidatos/as propostos para seren contratado/as deberán achegar no prazo máximo de dous (2) días hábiles, a seguinte documentación, agás que xa a presentaran anteriormente xunto coas instancias de participación:

-Copia compulsada da tarxeta da Seguridade Social.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base e agás nos casos de forza maior ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 4ª, non poderán ser contratados sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude de participación. Neste caso se procederá a notificar ao candidato/a que obtivese a seguinte puntuación para que aporte a referida documentación, procedéndose do mesmo xeito que no suposto anterior.

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos interesados/as, a Sra. Alcaldesa resolverá o proceso e se formalizarán os contratos de traballo temporal, coas cláusulas específicas de obra ou servizo determinado por un período de 3 meses, a xornada completa, vinculados ao convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Guntín para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, actuación dunha brigada de cinco compoñentes.

10. IMPUGNACIÓN.

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos deriven da mesma, así como as actuacións do Tribunal poderán ser impugnadas polos/as interesados/as nos casos e na forma establecida na Lei 39/1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 29/98 de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ANEXO I – TEMARIO

Tema 1

Concello de Guntín. Termo municipal. Poboación. Datos de interese do municipio.

Distribución xeográfica e parroquial, oreografía, infraestruturas.

Tema 2

Plan de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia (PLADIGA)

Tema 3

Cuestións sobre o traballo a realizar; materiais, ferramentas e maquinaria que se utiliza para a realización de ditos traballos.

ANEXO II. MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DE UN (1) PEÓN CONDUTOR E TRES (3) POSTOS DE PEÓN DE BRIGADA DO CONCELLO DE GUNTIN, EN RÉXIME DE DEREITO LABORAL TEMPORAL MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO OPOSICIÓN

D/aprovisto de D.N.I nº
 con enderezo na R/nº.....
 C. Postal LocalidadeMunicipio
 Provincia Teléfono

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Guntín para a contratación laboral temporal (coas cláusulas específicas de obra ou servizo determinado), a xornada completa, de UNHA (1) PRAZA DE PEÓN CONDUTOR E TRES (3) PEÓNS DE BRIGADA do Concello de Guntín en cumprimento do convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Guntín, para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, mediante a actuación dunha brigada de 5 compoñentes, por período de tres meses no exercicio 2020.

DECLARO:

PRIMERO.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexon a convocatoria e que reúno todas as condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

SEGUNDO.- Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes ao posto ao que opta que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; - no caso de ser nacional de outro Estado, de que non estou inhabilitado ou en situación equivalente, nin estou sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

TERCEIRO.- Que autorizo ao Concello de Guntín para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e DNI) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello e na súa páxina web: www.guntin.es e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

CUARTO.- Solicito ser admitido/a para participar no referido procedemento comprometéndome a someterme ás bases que o regulan e presentando a documentación seguinte:

(TACHAR O QUE PROCEDA)

- DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia
- Titulación
- Permiso de condución en vigor tipo B
- Relación dos méritos que alego para a súa valoración - Anexo III, e os documentos xustificativos dos mesmos segundo o establecido na base sexta.

.....,de2020

O/A solicitante

Asdo _____

SR. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE GUNTIN

ANEXO III- RELACIÓN DETALLADA DOS MÉRITOS APORTADOS E ACREDITADOS

| EXPERIENCIA PROFESIONAL | | | |
|--|-----------|------------------------------------|----------------|
| Servizos prestados como para a prevención e defensa contra incendios forestais | | | |
| Administracións Públicas/ privadas | Entidades | Duración contrato ou nomeamento | Data de inicio |
| | | | Data de remate |
| | | | |
| | | | |

| FORMACIÓN | | |
|------------------|-----------------------|----------|
| Denominación | Centro de impartición | Duración |
| | | |
| | | |

| IDIOMA: GALEGO | |
|-------------------------------|--|
| CURSO/TITULACIÓN/HOMOLOGACIÓN | |
| | |

Data:

O/A solicitante

Asdo.:

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORA, UN (2) OPERARIOS CONDUTORES DO VEHÍCULO MOTOBOMBA DO CONCELLO DE GUNTÍN, EN CUMPRIMENTO DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O CONCELLO DE GUNTÍN, PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DURANTE O ANO 2020, COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014-2020

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA:

E obxecto das presentes bases a contratación de persoal laboral temporal dous (2) operarios condutores do vehículo motobomba do Concello de Guntín, en cumprimento do Convenio Interadministrativo suscrito coa Consellería do Medio Rural, por un período de tres meses.

As funcións dos/as traballadores/as seleccionados/as serán as establecidas no Convenio Interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Guntín para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2020, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020. Todo isto sen prexuízo das labores que lles poidan encomendar pola Alcaldía, que garden relación co posto a desempeñar, segundo as necesidades dos servizos e na procura dunha boa marcha dos mesmos.

O sistema de selección será o de concurso-oposición.

O anuncio da convocatoria publicarase no boletín oficial da provincia de Lugo. As bases íntegras, así como as sucesivas publicacións, terán lugar unicamente no taboleiro de anuncios do Concello de Guntín e na páxina web do Concello: www.guntin.es

2.- MODALIDADE DE CONTRATO.

O contrato de traballo temporal que se formalizará coas persoas seleccionadas, será coas cláusulas específicas de obra ou servizo determinado, a tempo completo, previsto no artigo 15.1.a) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto de Traballadores (TRET) e no artigo 2 do Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro.

O réxime xurídico da relación laboral será de carácter laboral temporal.

Respecto a xornada dos operarios condutores, segundo o establecido no mencionado convenio que literalmente di así: "manter operativo/s o/s VMB/S (vehículo/s motobombas) durante" a vixencia do convenio, estando operativo/s dito/s vehículo/s polo menos 16 horas ao día, tendo plena dispoñibilidade, incluíndo nela os traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias durante o vixencia do convenio, realizando labores de prevención e defensa contra os incendios forestais, sempre que non sexa requirido/s para extinción destes".

Salario: 1.000,00 €/mes.

3.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.-

Para ser admitidos/as nas probas selectivas, todos/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos que a continuación se indican segundo o establecido no artigo 56 do EBEP, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes, debendo de continuar en posesión dos mesmo ata o momento da formalización do contrato:

a) Nacionalidade:

-Ser español/a ou nacional dun Estado membro da Unión Europea, ou nacional de calquera dos Estados aos que, en virtude de Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén serán admitidas aquelas persoas ás que fai referencia o artigo 57, relativo ao acceso ao emprego público de nacionais doutros Estados, da Lei 7/2007 de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público.

-Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estivesen separados do dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados do dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores da dita idade dependentes.

b) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.

A/os aspirantes con discapacidade, farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas e especificando tales adaptacións.

Segundo o establecido no convenio obxecto deste proceso de selección, o aspirante seleccionado deberá realizar previamente á súa contratación un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar. De non superar o recoñecemento médico e a proba física de esforzo, declararase ao aspirante decaído do seu dereito á contratación.

c) Idade: ter cumpridos 18 anos de idade, e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) **Habilitación:** Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmo termos, o acceso ao emprego

público

e) **Titulación:** Estar en posesión do certificado de escolaridade/ estudos primarios ou equivalente

f) Estar en posesión do permiso de conducir clase C.

4.- SOLICITUDES E ADMISIÓN DE ASPIRANTES.-

A solicitude para formar parte do proceso de selección axustarase ao modelo que figura como Anexo I ás presentes bases, que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello de Guntín e dirixiranse á Sra. Alcadesa do Concello de Guntín, no prazo de **cinco (5) días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios do Concello de Guntín e na súa páxina web www.guntin.es

Xunto coas instancias solicitando participar no proceso, deberá presentarse a seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

a) Documento nacional de identidade, pasaporte ou tarxeta de residente. A/os familiares dos anteriores, visado, e de selo caso, documentación acreditativa do vínculo de parentesco e unha declaración xurada ou promesa do cónxuxe ou ascendente do que dependa de que non está separado de dereito ou de que a/o aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo-

b) Permiso de conducir tipo B.

c) Declaración responsable, asinada polo/a aspirante, de non estar afectado/a por ningún motivo de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas de non ter sido separado/a de servizo das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos pro resolución xudicial, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaba no caso de persoal laboral, así como declaración de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións, segundo o modelo que se insire nestas bases como Anexo II.

d) Relación – Anexo III segundo a orde que se establece na base sexta dos méritos que os aspirantes aleguen para a súa valoración no concurso e os documentos xustificativos dos mesmos segundo o establecido na mencionada base.

As solicitudes presentaranse no Rexistro xeral de entrada do Concello de Guntín (Lugo), en horario de 09:00 h. A 15:00 H de luns a venres, poderase así mesmo, remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Os/as aspirantes que non presenten as solicitudes no rexistro do Concello de Guntín, co fin de axilizar os trámites, deberán remitir antes da data de expiración do prazo unha comunicación por fax ao concello de Guntín (982320088) ou correo electrónico concellodeguntin@gmail.com, comunicando a presentación da solicitude co selo de correos ou do rexistro correspondente; sen este requisito a solicitude non será admitida en ningún caso.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcadesa ditará resolución declarando aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as coa especificación do motivo da exclusión. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos da casa do Concello e na páxina web do concello www.guntin.es, sinalándose un prazo de dous (2) días contados a partires do seguinte ao da publicación da resolución para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

No caso de non haber excluídos nin que precisen do trámite de emenda, ditarase unha soa resolución coa lista de aspirantes admitidos, composición do tribunal e data de constitución, lugar e hora de realización das probas.

Unha vez transcorrido o devandito prazo, A Alcadesa ditará resolución definitiva, contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios do concello de Guntín e na páxina web do concello www.guntin.es, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o

Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de acordo co disposto nos artigos 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Nesta mesma resolución sinalarase a composición do tribunal cualificador e data de constitución.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lle recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o proceso selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación no procedemento.

Os datos persoais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados unicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación.

5.- ÓRGANO DE SELECCIÓN.

O tribunal estará constituído por un número impar de membros, funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo, non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de suplentes, un dos/as cales actuará coo presidente/a e outro coma secretario/a do tribunal.

O Alcalde nomeará por decreto aos membros do tribunal e os seus suplentes e fixará a data da súa constitución, axustándose ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público, que será publicado no taboleiro de anuncios do Concello de Guntín e na páxina web do concello www.guntin.es

Consonte ao establecido no devandito artigo o tribunal terá a seguinte composición:

- Presidente/a: un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral pertencente ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.
- Secretario/a: da Corporación ou persoa que faga as súas veces, ou funcionario de carreira.
- Vogais: Tres funcionarios/as de carreira ou persoal laboral pertencentes ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Na designación dos membros do tribunal tenderase a paridade entre home e muller.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles, circunstancias previstas no artigo 23 de Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal son poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia da/o presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao réxime de funcionamento dos órganos colexiados disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, levantando da cada sesión acta, que se autorizará, coa sinatura do secretario/a e co visto e prace do/a Presidente/a.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou convinte. Os ditos asesores actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

Os membros do tribunal así como os asesores ou colaboradores que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias.

6.- PROCEDUREMTO DE SELECCIÓN

O sistema de selección dos aspirantes será de concurso oposición.

6.1.- FASE DE OPOSICIÓN:

6.1.1. Proba teórica: Realizarase un exercicio que consistirá en contestar, por escrito, a un cuestionario tipo test de 10 preguntas alternativas das que só unha é correcta, baseadas no contido do programa da convocatoria relacionado no ANEXO I, durante un período máximo de 20 minutos. As respostas correctas valoraranse cada unha con 1 punto. As contestadas incorrectamente descontarán 0,25 puntos e as non contestadas non penalizan. Puntuarase ata un máximo de 10 puntos.

6.1.2. Proba práctica: consistente na conducción do vehículo motobomba municipal (INCIPRESA HMT-ES/ICKBX004C/99A VAMTAC CK) ó longo dun percorrido que lle sinalen ó candidato co fin de avaliar os coñecementos e pericia no manexo do citado vehículo, así como o funcionamento da bomba, enchido de cisterna,

baleirado do corpo da bomba, etc. O candidato será acompañado polo examinador (un dos membros do tribunal con coñecementos específicos no manexo e condución deste tipo de vehículos) quen valorará a actuación de cada un dos aspirantes. Para superar o exercicio puntuarase un mínimo de 5 e máximo de 10 puntos. **A proba terá carácter eliminatorio.**

6.2.- FASE CONCURSO:

O baremo de méritos fíxase do seguinte xeito:

a) Experiencia profesional. Máximo -3 puntos

- Desempeñar ou ter desempeñado o posto de traballo obxecto deste proceso de selección, en calquera Administración Pública ou organismos autónomos de carácter administrativo dependentes da mesma, con contratos ou nomeamentos feitos pola propia Administración: 3 puntos.

Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar unha certificación da Administración de que se trate _excepto aqueles aspirantes que traballaron no concello de Guntín, os cales unicamente terán que facelo constar e non terán que presentar a certificación a que fai referencia este parágrafo-, onde conste o tempo traballado na categoría a que opta, así como copia compulsada do nomeamento ou contrato de traballo suscrito para o efecto e modelo oficial de vida laboral. De non presentarse a citada documentación, ou si se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.

- Desempeñar ou ter desempeñado o posto de traballo obxecto deste proceso de selección, en entidades privadas: 1,5 puntos.

Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar modelo oficial de vida laboral, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do contrato de traballo suscrito para o efecto. De non presentarse a citada documentación ou si se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos.

No se computan servizos prestados por tempo inferior a un mes, en caso de contratación a tempo parcial valoraranse os servizos prestados de forma proporcional.

O Tribunal, en ningún caso, poderá valorar o non achegado e aprobado pola/os aspirantes na documentación aportada coa solicitude, sen que sexa admisible a concesión de prazo ningún para emendas ou subsanacións con posterioridade ao día de remate do prazo de presentación daquela

7.- CUALIFICACIÓN FINAL E PROPOSTA DO ÓRGANO DE SELECCIÓN

A puntuación total do proceso selectivo será a suma das cualificacións da fase de oposición e da fase de concurso.

En caso de empate, terán preferencia os participantes que obteñan a maior puntuación na fase oposición; se continúa o empate, os que obtiveran maior puntuación no apartado de experiencia profesional, e así sucesivamente ata que se desempate. Se persiste o empate, resolverase por sorteo.

O Tribunal publicará no taboleiro de anuncios do Concello de Guntín e na súa páxina web a puntuación total do proceso selectivo (puntuación fase oposición, fase concurso e puntuación total), elevarase dita relación á Alcaldesa-Presidenta que aprobará a relación de candidatos pola súa orde de relación aos efectos da provisión do posto de traballo obxecto deste proceso de selección, para a formalización dos correspondentes contratos laborais.

O Tribunal non poderá aprobar ni declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao de postos que se convocan.

O Tribunal establecerá unha lista de reserva entre o resto dos aspirantes por orde de puntuación, para asegurar a cobertura dos postos cando se produzan renuncias dos aspirantes primeiramente seleccionados ou calquera circunstancia antes da formalización do contrato. A devandita lista de reserva servirá tamén para cubrir as baixas que se produzan durante o período de duración dos contratos obxecto do presente proceso de selección.

8. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A/os aspirantes seleccionados/as deberán realizar previamente á súa contratación, un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar. De non superar o recoñecemento médico e a proba física de esforzo, se declarará o/a aspirante decaído do seu dereito á contratación.

Igualmente as/os aspirantes seleccionados/as deberán realizar un curso teórico-práctico de formación sobre prevención e defensa contra incendios forestais de 16 horas. Este curso será obrigatorio, aínda que os compoñentes da brigada xa o recibisen en anos anteriores.

Trala superación do recoñecemento médico e a proba de esforzo, as/os candidatos/as propostos para seren contratado/as deberán achegar no prazo máximo de dous (2) días hábiles, a seguinte documentación, agás que xa a presentaran anteriormente xunto coas instancias de participación:

-Copia compulsada da tarxeta da Seguridade Social.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base e agás nos casos de forza maior ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 4ª, non poderán ser contratados sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude de participación. Neste caso se procederá a notificar ao candidato/a que obtívese a seguinte puntuación para que aporte a referida documentación, procedéndose do mesmo xeito que no suposto anterior.

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos interesados/as, a Sra. Alcaldesa resolverá o proceso e se formalizarán os contratos de traballo temporal, coas cláusulas específicas de obra ou servizo determinado por un período de 3 meses, a xornada completa, vinculados ao convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Guntín para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, actuación dunha brigada de cinco compoñentes.

9. IMPUGNACIÓN.

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos deriven da mesma, así como as actuacións do Tribunal poderán ser impugnadas polos/as interesados/as nos casos e na forma establecida na Lei 39/1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 29/98 de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ANEXO I – TEMARIO

Tema 1

Concello de Guntín. Termo municipal. Poboación. Datos de interese do municipio.

Distribución xeográfica e parroquial, oreografía, infraestruturas.

Tema 2

Plan de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia (PLADIGA)

Tema 3

Cuestións sobre o traballo a realizar; materiais, ferramentas e maquinaria que se utiliza para a realización de ditos traballos.

ANEXO II. MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DE DOUS (2) POSTOS DE TRABALLO DE OPERARIOS CONDUTORES DO VEHÍCULO MOTOBOMBA DO CONCELLO DE GUNTIN, EN RÉXIME DE DEREITO LABORAL TEMPORAL MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO OPOSICIÓN

D/aprovisto de D.N.I nº
 con enderezo na R/nº.....
 C. Postal LocalidadeMunicipio
 Provincia Teléfono

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Guntín para a contratación laboral temporal (coas cláusulas específicas de obra ou servizo determinado), a xornada completa, de dúas (2) prazas de operarios condutores do vehículo motobomba do Concello de Guntín en cumprimento do convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Guntín, para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, mediante a actuación de un vehículo motobomba, por período de tres meses no exercicio 2020.

DECLARO:

PRIMERO.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reúno todas as condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

SEGUNTO.- Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes ao posto ao que opta que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; - no caso de ser nacional de outro Estado, de que non estou inhabilitado ou en situación equivalente, nin estou sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

TERCEIRO.- Que autorizo ao Concello de Guntín para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e DNI) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello e na súa páxina web: www.guntin.es e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

CUARTO.- Solicito ser admitido/a para participar no referido procedemento comprometéndome a someterme ás bases que o regulan e presentando a documentación seguinte:

(TACHAR O QUE PROCEDA)

- DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia
- Titulación
- Permiso de condución en vigor tipo C
- Relación dos méritos que alego para a súa valoración - Anexo III, e os documentos xustificativos dos mesmos segundo o establecido na base sexta.

.....,de2020

O/A solicitante

Asdo _____

SR. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE GUNTIN

ANEXO III- RELACIÓN DETALLADA DOS MÉRITOS APORTADOS E ACREDITADOS

| EXPERIENCIA PROFESIONAL | | | |
|--|-----------------------|------------------------------------|----------------|
| Servizos prestados como para a prevención e defensa contra incendios forestais | | | |
| Administracións Públicas/ privadas | Entidades | Duración contrato ou nomeamento | Data de inicio |
| | | | Data de remate |
| | | | |
| | | | |
| FORMACIÓN | | | |
| Denominación | Centro de impartición | Duración | |
| | | | |
| | | | |
| IDIOMA: GALEGO | | | |
| CURSO/TITULACIÓN/HOMOLOGACIÓN | | | |

Data:

O/A solicitante

Asdo.:

Guntín, 9 de xuño de 2020.- A Alcaldesa, María José Gómez Rodríguez.

R. 1156

MONTERROSO

Anuncio

Por decreto de 10 de xuño de 2020 aprobáronse as bases para a selección de tres postos de operarios-condutores do vehículo motobomba o abeiro do Convenio para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2020, cofinanciado co fondo europeo agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020 e asinado entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Monterroso como persoal laboral temporal:

-Tres operarios-condutores do vehículo motobomba.

Lugar e prazo de presentación das solicitudes: No rexistro do Concello de Monterroso no prazo de cinco días hábiles a partir da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios do Concello de Monterroso e na páxina web www.monterroso.es

Monterroso, 10 de xuño de 2020.- O Alcalde, Antonio E. Gato Soengas.

R. 1157

A PONTENOVA

Anuncio

LISTAXE DE CONTRIBUÍNTES POR APLICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DE MAIO 2020.

Por Resolución de alcaldía de data nove de xuño de 2020, resólvese prestar aprobación da devandita listaxe que estará exposta nas oficinas municipais en horario de 9:00 a 14:00 horas; durante o prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, para os efectos de que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, entendéndose definitivamente aprobada se transcurrido o devandito prazo non se formularan suxestións contra ésta.

Contra as liquidacións comprendidas na listaxe de contribuíntes poderase formular recurso de reposición, anterior o contencioso-administrativo, perante a alcaldía no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública da listaxe.-

Así mesmo, acórdase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar : **dende o 17 de xullo de 2020 ao 17 de setembro de 2020**, ámbolos dous inclusive.

B) Os recibos, non domiciliados, poderanse facer efectivos na conta bancaria **ES78-2080-0137-41-3110000025** que este Concello ten aberta na oficina de **ABANCA**, sucursal de **A Pontenova**.

Transcurrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Decreta, manda e asina o señor alcalde, na Pontenova a 11 de xuño de dous mil vinte.

O alcalde, Darío Campos Conde.

R. 1158

RIBADEO

Anuncio

O Pleno deste Concello, na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 09 de xuño de 2020, aprobou definitivamente o Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Ribadeo, o cal foi exposto ao público mediante anuncio no BOP de Lugo nº 032 de 08 de febreiro de 2020 e se atopa para a súa consulta pública na seguinte dirección: <https://ribadeo.sedelectronica.gal>

Contra dito acordo que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación da presente de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento

Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpor calquera outro recurso que puidese estimarse máis conveniente.

Ribadeo, 11 de xuño de 2020.- O Alcalde, Fernando Suárez Barcia.

R. 1159
